

LUIS SUÁREZ

ADESTRADOR DE BOXEO

"Polo boxeo vivín e vivo cantidade de experiencias que nin nos meus mellores soños imaxinaba".

"Hai que ter os pés sempre no chan, ser consciente de que os resultados do esforzo non sempre son inmediatos, e que hai que seguir con moito entusiasmo e alegría entendendo e asimilando que a derrota forma parte do xogo".



Nacín en xuño de 1970 na Coruña, meu pai era cristaleiro, miña nai vendía peixe no Mercado de San Agustín, miña irmá era trece anos maior ca min e tivo que deixar a escola para coidarme mentres meus pais traballaban. Estudei no colexio da Grande Obra de Atocha dos catro aos catorce anos, tempos fermosos, cun profesorado e uns compañeiros espectaculares, moitos deles seguen a ser do meu círculo máis próximo. Lembro que nos educaban na imperfección, inculcábanos a importancia de compartir e tratábanos a todos igual de ben, á marxe da clase ou condición social e independentemente dos resultados académicos, que no meu caso eran brillantes. O tempo libre era fútbol e máis fútbol, tirábame tardes na Praza de España ou no campo da Leña intentando imitar a Arkonada, que era o meu ídolo, porteiro da Real Sociedade e da selección, os domingos máis fútbol en Riazor con meu pai, a ver ao Depor, cando no resto de España inda lle chamaban o Coruña. Criábame a caballo entre As Conchiñas, onde residía, o Ventorrillo, onde meu pai tiña o negocio, Mariñeiros, de onde era a miña familia paterna e a Praza de España, onde estudiaba. Os veráns eran un pouco máis do mesmo, xogar ao fútbol e, polo menos unha vez mes, ir ao cámping da praia de Coroso, en Santa Euxenia de Ribeira. Deixoume especialmente marcado o verán de 1981 en Corme, pola hospitalidade e amabilidade da súa xente, os paseos con meus tíos despois de cear no porto, vendo como traballaban os mariñeiros. Unha infancia moi feliz, a verdade.

A adolescencia foi moito máis complicada, o cambio de centro escolar afectoume moito, viña dun sitio onde me inculcaban unha educación e uns valores en comunidade, e marchei para salesianos, excesivamente competitivo e individualista, así é que con dezaseis anos plantei os estudos e púxenme a aprender o oficio de cristaleiro no negocio familiar. Se na infancia me chamou a atención o boxeo acudindo con meu pai ás veladas, na adolescencia atrapoume, era a época de Pilar Miró como directora de Televisión Española, o

primeiro combate foi en diferido, un campionato de Europa que Alfredo Evangelista gañou por KO no octavo asalto. O seguinte tamén foi en diferido, campionato do Mundo do peso medio entre dous grandes como Sugar Ray Leonard e Marvin Hagler, con vitoria para o primeiro a puntos, quizais o combate máis fermoso que vin na miña vida. A partir de aí, a televisión pública seguiu apostando por combates en directo de Mike Tyson, Julio César Chávez...etc.

No barrio eramos un grupo grande de mozos moi deportistas, e con dezaioito anos comezaron a impartirnos clases de boxeo, época dura, durísima para o barrio, uns dedicámonos a traballar e adestrar, pero unha parte moi importante dos amigos perdéronse nun tipo de ocio mal interpretado, e unha porcentaxe moi alta remataron falecendo. Eu seguín ao meu, traballando moito, sobre todo a partir de 1992, ese ano faleceu meu pai o día de nadal, e miña irmá máis eu fixémonos cargo do negocio, xornadas de 10,12, 14 horas de traballo para sacar a empresa adiante, quíxeno compaxinar cos adestramentos e rematei moi mal. Tocoume baixar o pistón. Logo enfermei de maneira crónica e, o 18 de marzo de 2005 vinme obrigado a pechar o negocio familiar. A parte positiva foi que como xa tiña a titulación de adestrador púxenme a dar aulas, primeiro durante catro anos nun local pequeniño que nos cedía a Asociación de Veciños de Mariñeiros, onde os resultados a nivel social e educativo foron excelentes e deportivamente máis que notables. Así chegamos a abril de 2010, data na que abro o Azteca, primeira etapa, tan bonita como dura, renunciando absolutamente a todo por un soño, todo o diñeiro que gañaba ía para reinvestir no ximnasio, pagar créditos, etc, e cando digo todo é case literal, nin podía facer vida social, nin puideron formar unha familia nin nada, todo o diñeiro e enerxía ía para o Azteca. No 2014 amplíe as instalacións e comezo a ver algo de luz, incluso a facer eventos e ter un equipo amplo de boxeadores. Se de algo estou contento, é de seguir mantendo a mesma esencia até a actualidade, un traballo feito con moita humildade, sen facer ruído, e que os 180

alumnos do ximnasio que asisten ás nosas aulas secundan.

O boxeo para min é todo, apórtame moitísimo, coñecín a moitísima xente marabillosa, de feito os 180 alumnos e alumnas son unha marabilla, seguen fielmente o encanto da sinxeleza, unha especie de "Club dos humildes" como a canción de Mecano, inda que a miña preferida sexa "Maneiras de vivir" de Leño. Polo boxeo vivín e vivo cantidade de experiencias que nin nos meus mellores soños imaxinaba, desde facer radio, até que me dediquen un Libro Vivinte ou coñecer grande cantidade de persoas dos medios de comunicación especializados no boxeo aos que coñecía por ver na televisión, etc.

En canto ás sombras, vou dar unha opinión impopular, o boxeo, e o deporte en xeral, beben da sociedade, por iso cando se fala de valores do deporte leva consigo algo de falacia, se na sociedade hai de todo, no deporte tres cuartos do mesmo, e o boxeo non é unha excepción. Máis que o deporte, o que te marca é quen ensina e educa nese deporte. Os egos, apegos e vaidades fan moito mal, daquela hai que ter os pés sempre no chan, ser consciente de que os resultados do esforzo non sempre son inmediatos, e que hai que seguir con moito entusiasmo e alegría entendendo e asimilando que a derrota forma parte do xogo.

